



ASEMBLEA ORDINARIA ANPA CEIP RAMÓN DE LA SAGRA

25 DE XUÑO DE 2024

Sendo as 16:08, do día antedito, na biblioteca do CEIP Ramón de la Sagra, comeza a assemblea ordinaria desta ANPA en segunda convocatoria, coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da **acta da assemblea anterior**.
2. Exposición da **memoria de actividades** realizadas.
3. Presentación do **estado das contas** da asociación e aprobación se procede. Proposta para **cambio de entidade bancaria** e aprobación se procede.
4. **Renovación** de membros da Xunta Directiva segundo os **estatutos** da ANPA. Prazo de presentación de candidaturas ata o venres 21 de xuño ás 14:00 h.
5. Información sobre **grupos colaboradores** e **comisións de traballo**.
6. Exposición das **propostas** achegadas polas **familias**:
 - a. Entradas e saídas do centro.
 - b. Situación con respecto a coidadores para nenas e nenos con necesidades específicas en madrugadores e horario lectivo.
 - c. Outras propostas recibidas por email:
 - Posibilidade de instalar aparcamento para bicicletas dentro do recinto escolar.
7. **Decisións a adoptar** en relación á carencia do **servizo de madrugadores para nenos e nenas con NEAE**. Aprobación de **gasto** se procede.
8. Outros **rogos** e **preguntas**.
9. **Inicio de obras patio**. Para este punto, contaremos coa intervención de **Fermín Blanco**, arquitecto encargado do proxecto. Este punto da orde do día terá lugar **a partir das 17:00 h., aproximadamente**, e será **aberto a toda a comunidade educativa**.



ASUNTOS TRATADOS

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da asemblea anterior.

Nuria Bernárdez Pérez, secretaria da ANPA procede á lectura da acta da asemblea ordinaria de 2023, quedando aprobada por maioría dos presentes a man alzada (un voto en contra)

2. Exposición da memoria de actividades realizadas.

Marcos Rego, vogal da asociación, presenta a memoria de actividades realizadas no curso 2023/24 no ámbito representativo, social, lúdico, de funcionamento interno e económico. Tamén expón os proxectos futuros con especial mención ao seguimento das obras do patio, que contamos comecen inmediatamente.

3. Presentación do estado das contas da asociación e aprobación se procede. Proposta para cambio de entidade bancaria e aprobación se procede.

Carmen Naveira, tesoureira, explica as distintas partidas das contas do ano académico 2023/24 a data 21 de xuño, último día lectivo, especificando conceptos, entradas e saídas, pagos e facturacións pendentes.

Fai fincapé nos 400 euros por curso que actualmente pagamos por comisións bancarias, e de aí a proposta de cambiar a entidade bancaria deixando ABANCA e contratando os servizos do BANCO SANTANDER. A tesoureira explica que aínda que sexa só para un ano (que é o que dura a oferta que dita entidade fai aos asociados á Federación de ANPAS), o aforro é considerable e cre que paga a pena sometelo a votación nesta asemblea.

O saldo a 21 de xuño é positivo e ten a contía 22328,42 euros.



A presidenta formula as seguintes votacións:

- Quen non aproba as contas presentadas? Ninguén alza a man.
- Quen non aproba o cambio de entidade bancaria? Ninguén alza a man.

Ambas propostas se consideran por tanto aprobadas por unanimidade dos presentes.

4. Renovación de membros da Xunta Directiva segundo os estatutos da ANPA. Prazo de presentación de candidaturas ata o venres 21 de xuño ás 14:00 h.

Lucía Fernández, presidenta da asociación, comunica que non houbo candidaturas presentadas no prazo establecido, polo que non hai cambio na xunta directiva. Explica igualmente o procedemento de renovación de cargos e informa de que a día de hoxe hai dous postos de vogal vacantes: Se algún socio ou socia estivera interesado, tan só ten que poñerse en contacto coa ANPA.

5. Información sobre grupos colaboradores e comisións de traballo.

A presidenta invita a todos e todas a unirse a grupos de traballo colaboradores desta Asociación.

Serán grupos abertos, aos que incorporarse e deixar segundo dispoñibilidade, para favorecer unha liña común de actuación na comunidade, canalizando o que queremos para a nosa escola, en temas como a situación de nenos e nenas NEAE, comedor escolar e outros.

Os grupos de colaboradores e comisións de traballo constituiranse en setembro, pero xa se irá falando en xullo.

Invita ás interesadas a participar o 26 de xuño ás 18:00 horas para a xornada de benvida dos nenos e nenas de nova matrícula.



6. Exposición das propostas achegadas polas familias:

a. Entradas e saídas do centro.

Este tema tratouse ao falar da memoria de actividades.

b. Situación con respecto a coidadores para nenas e nenos con necesidades específicas en madrugadores e horario lectivo.

Trátase en primeiro lugar esta cuestión.

Lucía expón a situación dos nenos e nenas con NEAE aos que nin a Administración nin a empresa de comedor (por non estar obrigada) dotan de monitores para Madrugadores. Ademais, non queda garantida a súa integración no servizo de comedor, xa que por falta de medios humanos ocupan unha mesa aparte. Propón que, na mesma liña de asumir o custo dos libros de texto non financiados polo Fondo Libros e propoñer ao claustro que cada ano haxa menos caderniños e libros escribibles, a fin de reducir os gastos das familias, a ANPA se faga cargo dos gastos da persoa coidadora de Madrugadores para os nenos e nenas nesta situación dende o inicio do curso 2024/25, ata que a Administración resolva esta situación. Manifesta que, posta esta solución en común entre os membros da ANPA, se considera ésta unha maneira rápida e efectiva de dar solución temporalmente a este asunto e informa de que xa se falou coa empresa de comedor para axustar o presuposto dunha persoa coidadora, presuposto que estará actualizado a mes de setembro.

Invita ao director do centro, Francisco Mourelo, a falar das xestións feitas polos directores de centros públicos da cidade ante as Administracións. Incorporárase tamén a xefa de estudos.

O director cóntanos as xestións realizadas desde o equipo directivo da escola con diferentes instancias. Estase a tratar en



conxunta coa FEGAMP. Recoñece que o personal que hai agora mesmo no centro non pode asumir a atención deses nenos e nenas en Madrugadores. A Administración municipal di estar disposta a axudar pero que non é competencia súa.

Algunhas familias formulan dúbidas:

- Unha persoa pregunta por que non pedimos á empresa de comedor que sufraguen o gasto de monitorado, aproveitando algunha negociación de contrato. Respóndeselle que iso xa se falou con eles, incluso coa empresa da competencia, e en ningún caso se farían cargo do gasto ao non estar obrigados.
- Outra familia consulta se pensamos en iniciar un proceso de selección aberto de persoal para cubrir ese servizo para darlle visibilidade ao tema. A presidenta di que tentaremos xestionar da mellor maneira posible pero que so podemos opinar sobre o funcionamento e que lle daremos visibilidade.
- Outra nai consulta de cantos nenos e nenas se faría cargo o monitor que se contrataría. Respóndese que ata 6 tal e como marca a normativa. A familia reflexiona entón sobre que pasaría se se apuntaran a Madrugadores todos os nenos e nenas con NEAE, respóndeselle que efectivamente non chegaría un.
- Ao fío da reflexión sobre que non podemos esixir as empresas privadas algo que legalmente no se lles esixe, outra familia opina que ás empresas deberíamos esixirlles o mesmo que á Administración, o coidado de todo o alumnado sexan cales sexan as súas características.

Se formula a pregunta do seguinte xeito:



Levantamos man os que non queiramos aprobar que a ANPA asuma o custo dun coidador para que todos os nenos e nenas NEAE poidan ir a actividade de Madrugadores dende o curso que ven ata que a Consellería o resolva.

Ninguén levanta a man. A proposta queda aprobada.

c. Outras propostas recibidas por email:

- Posibilidade de instalar aparcamento para bicicletas dentro do recinto escolar.

Non se falou deste tema.

7. Decisións a adoptar en relación á carencia do servizo de madrugadores para nenos e nenas con NEAE. Aprobación de gasto se procede.

Tras o exposto no punto anterior, e non presentándose ningunha obxeción, apróbase.

8. Outros rogos e preguntas.

A secretaria informa tras a lectura da acta que a partir de agora as actas enviaráanse por correo electrónico coa convocatoria da asemblea, tal e como foi acordado na asemblea de 2023.

Unha familia pregunta polas comisións de traballo que xa están ideadas. A presidenta responde que Escola Pública e NEAEs son dúas comisións que se van por en marcha por ter familias interesadas en participar, mais se está aberto a máis propostas se hai voluntarios. Cando se presenten propostas publicaránse e se hai voluntarios suficientes se porán en marcha.

- Propostas de mellora e colaboración con programas postos en marcha polo cole: propónse grupo de "a horta".



ANPA RASA
CEIP RAMÓN DE LA SAGRA

Tfno. 615 512 306

www.apa-rasa-ramondelasagra.es
anparamondelasagra@gmail.com



A mesma familia consulta se sería posible propoñer actividades extraescolares de máis amplo espectro e que non obriguen a asistir todos os días como ocorre con Ludiverso. A ANPA remite á publicación da segunda semana de xullo das actividades para o vindeiro curso, as enquisas de satisfacción, as propostas e a reunión de extraescolares. Anímase a participar no cuestionario de propostas, que teremos en conta para deseñar o cadro de actividades, pero que hai que poñer á nena e neno no centro, non exclusivamente á conciliación. Queremos que as actividades sexan para todas e todos, unha oferta pública. O pai comenta que debería haber máis iniciativas, a través da ANPA, como ocorreu estes días con Cristóbal de Sonicreques, para abrir o cadro de actividades. A tesoureira explica que diversificar a oferta tamén fai máis difícil cubrir grupos. Queda aberta a posibilidade de que as familias propoñan actividades co número mínimo e ofrecelas a través do ANPA. O pai expón que resulta moi complicado saber cantas persoas poden estar interesadas nunha actividade.

Outra familia pregunta polo tema das entradas e saídas, aclárase que dese tema xa se falou na memoria de actividades, onde se explicou o que se fará respecto a esto o vindeiro curso.

Nese momento chega o arquitecto Fermín Blanco e os técnicos do Concello (os Concelleiros non asistiron pese a estar previsto), e non se tratan máis temas, pasando directamente ao seguinte e último punto da orde do día.

9. Inicio de obras patio.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 17:28.

******SEGUEN A CONTINUACIÓN OS NOMES DAS PERSOAS ASISTENTES Á ASEMBLEA******